



ÁLBUM DA CIENCIA:

A elaboración desta nova versión do Álbum da Ciencia supón un esforzo investigador e divulgativo dun amplo equipo de especialistas. A dirección foi encomendada a Xosé A. Fraga Vázquez, da Sección de Ciencia, Natureza e Sociedade do Consello, quen contou coa colaboración do coordinador desa Sección, Francisco Díaz-Fierros Viqueira, na codirección, e de Alfonso Mato na coordinación e redacción.



José Francisco Vendrell de Pedralbes i Estaper del Mas

Impulsor do innovador
Colexio de Cirurxía de
Santiago de Compostela,
autor dun pioneiro e peculiar
estudo antropolóxico

Nacemento: Barcelona 1776. Falecemento: A Coruña 1850

Autor/a da biografía: Xosé A. Fraga Vázquez

Data de alta: 23/11/2012

Ámbitos de ocupación: Medicina /

De “estado noble”, realizou estudos elementais na súa cidade natal, na escola de Manuel Postius, e despois cursou tres anos de Filosofía. Tamén aprendeu Matemáticas, Física, idiomas e Debuxo en academias públicas. Graduouse como bacharel en Artes o 7 de novembro de 1794 na Universidade de Cervera, onde estudou Medicina. Desenvolveu dous anos de prácticas co doutor Benito Pujol, catedrático de Medicina clínica e primeiro médico do Hospital xeral de Barcelona.

Acadou a licenciatura en Medicina o 26 de febreiro de 1799 e o doutorado o 4 de marzo dese ano.

Asemade, tamén se formou no ámbito externo á universidade, onde o proxecto científico ilustrado se desenvolvía con grande puxanza, realizando estudos de Botánica e de Química e completando os seus coñecementos médicos coa aprendizaxe da Cirurxía no Colexio de Barcelona, onde recibiu o grao de licenciado o 27 de setembro de 1800. O 22 de outubro dese ano designóuselle para combater a epidemia de Sevilla. O día 1 de novembro foi nomeado médico de número do Exército, con destino en Extremadura.

O Colexio de Cirurxía de Santiago de Compostela

Intentou iniciar a súa carreira docente no Colexio de Cirurxía de Barcelona pero non o acadou. Pola contra, accedeu ao de Santiago de Compostela en 1800, no segundo curso de actividade do centro. O ministro Urquijo suprimira en 1799 o ensino de Medicina das Facultades de Medicina e confiouno aos Colexios de Cirurxía Médica, creando as “Facultades reunidas”. A experiencia tivo escasa duración, pois rematou en 1801 e os Colexios pasaron a chamarse só de Cirurxía, desenvolvendo o seu labor como institucións non universitarias. O trienio liberal trouxo un novo intento de agrupamento do ensino da medicina, cirurxía e farmacia na Escuela Especial del Arte de Curar entre 1821 e 1823, rematando nese momento a actividade autónoma do Colexio de Santiago, institución que cos anos foi perdendo vigor.

Para realizar unha valoración axeitada do papel modernizador do Colexio compostelán, debemos situarnos no contexto científico da Ilustración en Galicia (Fraga, 1997) e na complexa e difícil introdución das ciencias modernas na Universidade de Santiago (Sisto & Fraga, 1996). Deuse unha incorporación formal das novas disciplinas e unha forte resistencia ao novo, centrada nas carencias de medios e no corporativismo universitario. Os Colexios formaban parte dunha alternativa institucional diferenciada na política científica ilustrada. Representaban a recepción dos novos saberes prácticos e útiles, fronte ao coñecemento clásico e especulativo das aulas universitarias. O ensino recibido era innovador pola utilización de libros estranxeiros modernos, xuntas de colegas para debater, ensino práctico, exames periódicos, explicacións e probas realizadas no idioma oficial, non en latín. Asemade, a aposta do Colexio de Cirurxía polas ciencias naturais e a incorporación ao ensino superior galego, por vez primeira, de disciplinas como a Química e a Historia Natural, dotan a esta institución dunha relevancia singular no panorama científico da ciencia na Galicia de principios do século XIX (Fraga, 1999).

Actividade no Colexio de Cirurxía e outras responsabilidades médicas

O “doutor Pedralbes” ocupouse da cátedra de Fisioloxía e Hixiene e da biblioteca do Colexio. Tamén se encargou, nalgún curso, da docencia de Medicina Legal e Forense e da Medicina Teórico-Práctica, da que obtivo a cátedra en propiedade en 1809. Exerceu como médico do Colexio militar de 1812 a 1815 (Fraga, 1997), e nese ano buscou o traslado ao Colexio de Cirurxía de Madrid. Non tivo éxito na pretensión, pero, ao parecer, a grata impresión causada no tribunal propiciou o seu nomeamento como Médico de Cámara. Socio correspondente de la Real Academia Médica de Madrid (16-V-1816), o Deán e Cabido da catedral de Santiago decidiron, o 25 de febreiro de 1817, elixilo médico titular do Cabido. A Junta Superior de Medicina nomeouno, o 24 de Maio de 1817, examinador na Subdelegación de Medicina de Santiago.

Francisco Pedralbes e Eusebio Bueno Martínez (1774-1814) foron os profesores máis salientables na vida do Colexio compostelán, se ben o primeiro estivo máis próximo ao discurso erudito, filosófico, e o segundo ao labor práctico. Pedralbes, moi influenciado pola cultura francesa, leu varios discursos nesa institución, como, por exemplo, o de inauguración do curso 1819-20: *Influxo de las costumbres en el estudio y práctica de la Medicina* (Pedralbes, 1819), adicado ao seu fillo José Leandro, estudante de Medicina na

Universidade.

A medicina atopábase, no tránsito do século XVIII ao XIX, nun período de confusión (Arquiola & Montiel, 1993). Na perspectiva de convertela nunha verdadeira ciencia e pasar da medicina conxectural á medicina de observación, unha das principais correntes modernizadoras consistiu na consideración positiva do inductivismo (a práctica experimental), o recurso aos achádeos das novas ciencias e á súa utilización como modelo. Nese camiño da medicina a prol da súa "dignificación científica" estivo Pedralbes, que se manifestou favorable a estreitar a relación co resto das ciencias e partidario da incorporación destas no currículo dos estudos médicos.

Desenvolveu distintas actividades e responsabilidades relacionadas coa Sanidade pública. Membro da Xunta local de Sanidade de Santiago, para a que elaborou un "Reglamento de Policía médica", recibiu a encomenda do Concello (24-III-1804) para atender aos pobres do Hospicio e ás febres no Hospital. O 20 de decembro de 1805, o Capitán Xeral pediulle que atendera a epidemia de Rianxo e, en 1806, foi nomeado examinador de practicantes no Hospital, cargo no que repetiría en anos posteriores.

Participación na Academia de Medicina y Cirugía de Galicia y Asturias

A morte do monarca absolutista Fernando VII favoreceu un cambio político de signo liberal. Nese contexto, as novas autoridades pretenderon recoñecer o papel xogado por A Coruña na defensa do liberalismo e decidiron, entre outras cousas, trasladar en 1833 a Academia de Medicina y Cirugía de Galicia y Asturias desde Santiago de Compostela á cidade herculina.

O doutor Pedralbes, identificado co liberalismo, e que fora concelleiro en Santiago e deputado a Cortes no trienio (1820-23), ocuparía a vicepresidencia da institución, o que equivalía á presidencia efectiva, pois o cargo de presidente recaía, de xeito formal, no Capitán Xeral do Exército en Galicia. No seu labor na Academia salienta o discurso *La Emulación* (Pedralbes, 1833), peza que leu no acto solemne que, presidido polo Capitán Xeral, serviu para celebrar a instalación da corporación na súa nova sede. O texto é unha chamada ao progreso, a imitar o coñecemento, ao debate e á mellora social. O 15 de xaneiro de 1836 renunciaría á vicepresidencia, por seren comisionado polo Goberno para prestar servizo médico na guerra carlista. Sucédelle o cirurxián Pedro Canals. Na Coruña foi responsable da Sanidade marítima e ocupou diversos cargos, como xuíz nalgún acto académico desenvolvido no Consulado do Mar, importante institución da época.

Producción científica

Salientou, no ámbito sanitario, como un dos autores máis prolíficos na Galicia do século XIX (González Guitián, 2007). Entre as súas producións figuran numerosas memorias sobre temas médicos, bastantes delas non publicadas, prestando atención a temas diversos, como a construción de hospitais e lazaretos e á epidemia de sarampelo e "fiebres" de 1817 en Santiago. Asemade, leu os eloxios fúnebres de diversos colegas, como Pedro Gutiérrez, Pedro San Martín e Eusebio Bueno. Son varias as obras que lle atribúen, entre elas: *Memoria sobre la división topográfica de Santiago* (1821), *Diseño de un plan de instituciones para la completa enseñanza de la medicina* (1826), *Ensayo de catecismo social para la educación primaria* (Santiago, 1845) e *Discurso sobre las mejoras de las cárceles*.

Prestou atención a cuestións relacionadas coa Hixiene social, escribindo, por exemplo, o *Discurso sobre*

cementerios (Pedralbes, 1813). Nel describe as condicións que deben cumprir esas instalacións, recomenda a construción de dous na cidade compostelá, un na Almaciga e outro no sudoeste. Co gallo da epidemia de cólera de 1834 publicou unha *Cartilla de salud. Preservativo del Cólera-Morbo* (Pedralbes, 1834) que tiña como destinatarios iniciais ao párrocos das aldeas, a efectos de que a leran ás xentes, divulgando así as medidas sanitarias necesarias para facer fronte á doenza.

En Barcelona publicou *Parangón entre la carrera de la Jurisprudencia y de la Medicina* (Pedralbes, 1841). No título indica que o folleto foi escrito na Coruña e que se publicaba “por un íntimo amigo del autor, a quien dedica este obsequio”. Efectivamente, o texto está asinado en A Coruña o 1 de agosto de 1838. Canto o seu contido, recolle unha erudita queixa do trato que a sociedade lle daba aos médicos.

Doou a súa biblioteca, con numerosos manuscritos, á Academia de Medicina de Barcelona (Danón, 1998). Segundo Carreras (1952), nese fondo figuran diversas disertacións realizadas por Pedralbes na institución catalá: *La vida del Universo evidenciada* (1804); *Análisis de la razón humana* (1810), *Discurso acerca de la perfección vital del hombre sobre todos los seres de la Naturaleza* (1821). O mesmo autor dinos que tiña preparado para publicar *Ensayo filosófico o sea Filosofía positiva sobre la naturaleza moral e intelectual del hombre*.

Do manuscrito *Nota de las producciones literarias...* (Pedralbes, 1846) salientaremos unha serie de traballos que, coidamos, corresponderían en gran parte a intervencións de Pedralbes no Colexio de Cirurxía de Santiago:

"Disertación sobre el envenenamiento de los maridos de una mujer que comía impunemente mucho ácido blanco de arsénico" (1801).

"Memoria de la curación de una sordera simpática" (1802).

"Dos Memorias sobre la simplificación y curación de las Fístulas" (1801-1802).

"Memoria de la Vacuna introducida en Galicia" (1802).

"Memoria sobre una fiebre nerviosa productora del aborto" (1804).

"Memoria sobre la curación de una pneumonía" (1805).

"Memoria sobre la naturaleza del miasma contagiante de la fiebre amarilla" (1805).

"Memoria sobre algunas enfermedades de las mujeres" (1806).

"Memoria sobre el grado de probabilidad del gallismo, o Craneología del Dr. Gall" (1807).

"Un tratado de Zoología" (iniciado en 1804 e rematado en 1821).

"Disertación médica sobre el Gallego, o el Hombre del país, que la escribí (sic) en 1805".

”El hombre del país”, pioneiro e peculiar estudo antropolóxico dos naturais de Galicia

Entre os manuscritos de Pedralbes non publicados salientamos a memoria *El hombre del País* (Pedralbes, 1805), estudada por Fraga & Gracia, inédito. Nos seus papeis aparece denominada como "Disertación médica sobre el Gallego, o el Hombre del país, que la escribí (sic) en 1805". O texto correspondería a un discurso dirixido ao alumnado do Colexio de Cirurxía compostelán. O orixinal está formado por 24 cuartías e consta dunha introdución e tres apartados.

Na introdución establece o obxectivo xeral do escrito. Considera que: "Si el sabio naturalista nos llama la atención y gusto, divirtiendo la curiosidad y enseñando la ciencia con exponer los diversos hábitos y costumbres de cualquiera de los animales, el Filósofo médico debe empeñarse con el mayor ahínco en observar y dar a conocer las de los hombres". E engade, citando a Cabanis, que: "Jamás el buen Filósofo

conocerá exactamente al hombre (...) si al estudio del físico, no reúne el del moral y político". Con esa formulación, e posteriores comentarios, Pedralbes amósase moi próximo ás posicións que nesa época gozaban de notable influencia na sociedade francesa. Unha perspectiva nada no seo do movemento cultural e científico denominado *l'Idéologie*, inspirado por autores da relevancia de Étienne Bonnot de Condillac (1714-1780) e Marie-Jean-Antoine Nicolas de Caritat, marqués de Condorcet (1743-1794), con Georges Cabanis (1757-1808) como figura no ámbito médico. Para os *ideólogos* a Filosofía e a Ciencia formaban unha unidade.

No seu intento de coñecer as "diferentes combinaciones y afecciones orgánicas que determine la constitución real del hombre de este país, o en otros términos, cuál sea el temperamento común y radical de la nación Gallega", amósanos a metodoloxía que empregou no estudo: "Por esto es menester confrontar, reunir particularidades y generalizando muchísimos individuos, personificar un abstracto, que sin dirigirse a ninguno, le convenga a todos, o a la mayor parte". Ao longo do resto do texto manterase nesas "generalizaciones abstractas", o que supón un avance con respecto a unha relación de casos particulares, se ben é de lamentar a ausencia dalgúns datos cuantitativos ou referencias concretas que puideran enriquecer a información aportada.

Pedralbes relata as características físicas dos galegos (segundo el, seres pequenos, robustos, con faccións bastas...), atribuíndolles, significativamente, unha grande importancia como base para deducir "inclinaciones" y "disposiciones" morais e intelectuais ("labios prominentes, señal de apetitos sensuales"). Eses, e outros comentarios similares amosan o interese deste médico polas doutrinas de autores como Franz Joseph Gall (1758-1828) e Johann Caspar Lavater (1741-1801). Efectivamente, ao longo do texto repite un enfoque "bioloxicista" que pretende dotar ao estudo de rigor e cientificidade. O manuscrito trata, a continuación, da influencia de diversos factores ambientais sobre as características físicas e a saúde do galego. Nese sentido, apreciamos unha posición coincidente coa dos autores como Paul Joseph Barthez (1734-1806), que retoman o interese médico dunha tradición hipocrática que neses anos estaba sendo recuperada. Pedralbes comenta a influencia do clima e da alimentación desde un restritivo determinismo.

Explica que no galego dominan "las funciones de la vida interior (animal)", sobre las de la "externa (intelectual)", e indica que "su fuerza de nutrición sofoca a la que pudiera tener la de inteligencia". Tamén analiza o idioma, "índice de su carácter y de su temperamento", e afirma que "el lenguaje gallego, en la boca de sus naturales adoptó repetir cierto número de modismos generales que forman un verdadero estilo nacional". Mesmo acepta que "esa lengua, bien hablada, es dulce (...) (y) sería bien cantable", pero deseguida matiza: "a no faltar en este suelo el genio de la música y poesía".

En xeral realiza unha descrición moi crítica e despectiva dos comportamentos dos galegos. Pedralbes pretendía introducir elementos obxectivos na súa análise mais iso contrasta coa incorporación de especulacións, prexuizos e a ausencia de datos máis precisos e comparativos. As medidas "correctoras" que propón son diversas e amplas. Maniféstase partidario de impulsar o desenvolvemento económico, sobre todo industrial, e pon como exemplo aos seus paisanos cataláns. E insiste en que "la riqueza debe estimarse no sólo por un bien físico, sino también como origen y ocasión de muchísimos morales".

As valoracións antropolóxicas do doutor Pedralbes condúcennos a unha reflexión final. Se a opinión que tiña sobre os galegos era realmente tan negativa como a que amosa no manuscrito comentado, deberíamos compadecelo pois viviu cincuenta anos en Galicia. Iso si, os seus intentos de acceder a postos en Madrid e Barcelona saldáronse con fracasos e, pola contra, foi na sociedade galega onde atopou posibilidades de

realización profesional e acadou recoñecemento. A pesar diso, no testamento deixou disposto que a biblioteca persoal, que incluía manuscritos seus, pero tamén documentación do Colexio de Cirurxía compostelán, fose a parar á Academia de Medicina de Barcelona, onde hoxe permanece esa testemuña da ciencia realizada en Galicia.

Bibliografía:

Fontes documentais:

Archivo de la Real Academia de Medicina de Catalunya. Papeles del Dr. Pedralbes:

(1805): El hombre del País. Caixa XXIII (IV), 7

(1814): Elogio del Dr. Dn. Eusebio Bueno. 17 abril 1814. Caixa XXI (II), a, 8

(1846): Nota de las producciones literarias del Dr. D. José Franco. Pedralbes, unas impresas y otras inéditas. Caixa XXIII (IV), 179.

Libro de asientos de los srs. socios numerarios, folios 14 a 16, Arquivo da Real Academia de Medicina y Cirugía de Galicia.

Fontes impresas:

VENDRELL DE PEDRALBES, José Francisco (1813): *Discurso sobre cementerios. Escrito por el Médico Doctor en Medicina y Cirugía...individuo de la Junta de Sanidad de Santiago*, Santiago: Oficina de D. Manuel Antonio Rey.

VENDRELL DE PEDRALBES, José Francisco (1816): *Relación de los méritos, grados, títulos y ejercicios literarios del Doctor en Medicina y en Cirugía-Médica D. José Francisco Vendrell de Pedralbes, médico de número de los Reales Ejércitos de SMC, Catedrático de Medicina teórico-Práctica*, Madrid.

VENDRELL DE PEDRALBES, José Francisco (1819): *Influxo de las costumbres en el estudio y práctica de la Medicina. Oración inaugural, que, en el Real Colegio de Cirugía-Médica de Santiago en 1º de Octubre de 1819, pronunció el Doctor...*, Santiago: Juan Bautista Moldes.

VENDRELL DE PEDRALBES, José Francisco (1820): *Exposición del Mérito y Premio de la Medicina comparado con el de las demás ciencias, y otros ramos del Estado*, Santiago: Juan Bautista Moldes.

VENDRELL DE PEDRALBES, José Francisco (1833): *La Emulación. Discurso inaugural que, en la instalación pública de la Real Academia de Medicina y Cirujía para Galicia y Asturias, presidida por el Escmo. [sic] Sr. Capitán General de este Reino, en el salón de Palacio, el día 19 de julio de 1833, pronunció ...*, La Coruña: Impr. Iguereta.

VENDRELL DE PEDRALBES, José Francisco (1834): *Cartilla de salud. Preservativo del Cólera-Morbo, que de acuerdo con la Real Academia de Medicina y Cirugía de Galicia y Asturias, publica la Junta Superior de Sanidad del Reino*, Coruña: Imp. de Iguereta.

VENDRELL DE PEDRALBES, José Francisco (1835): *Continuación de los méritos, grados, títulos y ejercicios literarios del Doctor en Medicina y en Cirugía-Médica D. José Francisco Vendrell de Pedralbes, Médico de Cámara honorario de SM, catedrático jubilado de Medicina, posteriores a su Relación aprobada en 31 de enero de 1816 por la Cámara de Gracia y Justicia*, La Coruña.

VENDRELL DE PEDRALBES, José Francisco (1841): *Parangón entre la carrera de la Jurisprudencia y de la Medicina. Memoria escrita en La Coruña por ... Publíquese por un íntimo amigo del autor, a quien dedica este obsequio*, Barcelona: Impr. de José Torner.

Bibliografía secundaria:

ALIER, R.: Vendrell de Pedralbes i Estaper, Francesc, *Gran Enciclopedia Catalana*, v. 15: 329.

ARQUIOLA, E. & MONTIEL, L. (1993): *La corona de las Ciencias Naturales. La medicina en el tránsito del siglo XVIII al XIX*, Madrid: CSIC.

CARRERAS y ARTAU, T. (1952): *Médicos filósofos españoles del siglo XIX*, Barcelona: CSIC.

DANÓN, J. (1998): *Los papeles del Dr. Pedralbes de la Real Academia de Medicina de Catalunya. Inventario*, Barcelona: J. Uriach, Centro de Documentación de Historia de la Medicina.

FRAGA, X. A. (1997): Efectos en Galicia da renovación científica promovida por Sarmiento e outros ilustrados. A constitución da Academia de Gardas Mariñas e dos Colexios prácticos, *O Padre Sarmiento e o seu tempo. Actas do Congreso*, t. II: 405-425. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, Universidade de Santiago.

FRAGA (1999): A innovación da Medicina impulsada desde o Colexio de Cirurxía de Santiago (1799-1820) nalgunhas intervencións de Eusebio Bueno e Francisco Pedralbes, *Ingenium*, 6: 45-63.

FRAGA, X.A. & GRACIA, D. (inédito): Aproximación al manuscrito del Dr. Pedralbes, "Disertación médica sobre el Gallego, o el Hombre del país", *XI Congreso Historia de la Medicina*, Santiago, 1998.

GONZÁLEZ GUITIÁN, C. (2007): *Bibliografía médica gallega del siglo XIX*, Valencia: Universitat de Valencia, Departament d'Història de la Ciència i Documentació.

SISTO EDREIRA, R. & FRAGA, X.A. (1996): A recepción da Ciencia moderna na Universidade de Santiago, 1772-1845. A incorporación da Física e da Química e o labor dos Colexios prácticos, *Ingenium*, 5: 23-58.

Como citar esta páxina:

Xosé A. Fraga Vázquez ([2012], “José Francisco Vendrell de Pedralbes i Estaper del Mas”, en *Álbum da Ciencia*.
Culturagalega.org. *Consello da Cultura Galega*. [lectura: 27/09/2023] [URL:
<http://www.culturagalega.org/albumdaciencia/detalle.php?id=377>

Máis información e materiais complementarios en

<http://www.culturagalega.org/albumdaciencia/detalle.php?id=377>

Un proxecto do

Consello da Cultura Galega

Pazo de Raxoi, 2º andar

15705 Santiago - A Coruña

Tel.: +34 981957202